

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PRESTACIÓN MUNICIPAL DE AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Polo Concello de Xove no exercicio das competencias que lle veñen atribuídas polo artigo 25.2.k da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e polo artigo 64.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, regúlase básicamente a concesión de axudas de emerxencia social, sen perjuicio das resolucións de desenvolvemento ou execución que podan acordarse polos órganos municipais competentes. A concesión destas axudas polo Concello de Xove, cando non poda obterse unha axuda de emerxencia social da Administración da Comunidade Autónoma ou en complementariedade con esta, estarán fundamentadas no acaecemento de feitos imprevisibles e de urgente atención, tendo un carácter meramente paliativo e destinaranse a facer fronte a aquelas causas sobrevidas que, polas súas circunstancias requiren dunha atención perentoria na obtención de recursos económicos por parte dos afectados, de tal maneira que alcancen a complementar, alixerar ou paliar a carencia de recursos, ou a realización de actividades ou prestación de servizos por esta Administración Local co mesmo obxecto.

Polos motivos aludidos establécese un mecanismo áxil de tramitación e de resolución que, sen perjuicio da obxectividade da concesión e garantías na súa aplicación, faciliten a tramitación e resolución das solicitudes que se formulen con carácter urgente.

Por tratarse dunha entidade local de reducida poboación e a tenor do coñecemento existente tanto no Departamento Municipal de Servizos Sociais, coma nos membros da Corporación, das necesidades existentes en diferentes núcleos familiares do Concello, a regulación de axudas económicas neste ámbito poden dar desposta a necesidades consideradas básicas para a supervivencia persoal, o mantemento da convivencia ou das condicións imprescindibles para a existencia acorde coa dignidade humana.

ARTIGO 1.- OBXECTO DAS AXUDAS

As axudas que se establecen poderán dirixirse a dar desposta ás seguintes situacións susceptibles de intervención:

1.- Situacións derivadas da falta de recursos económicos que impidan a cobertura das necesidades básicas:

* Axudas paliativas de situacións de necesidade persoal tales como alimentación, roupa, vestido, axudas á escolarización, etc.

* Axudas dirixidas ó mantemento da vida no propio domicilio (situacións carenciais que non se contemplan nos programas de axuda a domicilio ou de educación familiar), tales como adquisición de mobiliario ou electrodomésticos de primeira necesidade, reparacións urgentes, luz e auga corrente, creación de sanitarios, etc.

*Axudas a emigrantes retornados carentes de recursos económicos para garanti-lo mínimo nivel de inserción.

2.- Situacións imprevisibles de emergencia que xeren un gasto especial, axudas de carácter puntual ás que os usuarios non podan facer fronte por carencia de recursos.

*Desafiuzamentos

*Incendios ou catástrofes naturais que afecten gravemente á vivenda

*Accidentes de calquera tipo que afecten gravemente á economía familiar e que impliquen a realización de gastos de carácter extraordinario e urgente.

3.- Situacións especiais sobrevidas por causa do padecemento dunha enfermidade grave que implique traslados, tratamentos, axudas técnicas ou calquera outra necesidade que requira gastos adicionais de importancia, e que non estean cubertas polo sistema público de saúde.

4.- Situacións que provoquen ou tendan a provoca-la marxinação de persoas que as padecen (drogadicción, alcoholismo...)

ARTIGO 2.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Os solicitantes deberán ser veciños do Concello de Xove, empadroados no mesmo con antelación suficiente ó feito causante da solicitude, ó obxecto de evitar calquera posibilidade de fraude. A tal efecto polo órgano competente poderá conseguirse cantos documentos, informes ou antecedentes sexan precisos para o coñecemento da residencia efectiva dos solicitantes no termo municipal. A certificación de onscrición no Padrón Municipal e no seu caso o informe municipal sobre residencia efectiva, expedido polo persoal auxiliar da Policía Municipal ou polo Servicio de Asistencia Social, servirán para a formación do criterio do órgano municipal competente.

Poderán solicita-las mencionadas axudas as persoas físicas que cumpran os requisitos establecidos na presente Ordenanza Reguladora.

ARTIGO 3.- CRITERIOS DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

A concesión de ditas axudas basarase nos seguintes criterios:

-Emerxencia dos feitos, demostrada polos peticionarios

-Necesidade urgente de recursos para paliar ou solucionar segundo os casos as causas sobrevidas

-Carencia de medios económicos propios para facer fronte á situación denotada ou sufrimento dunha forte mengua na economía familiar a causa de afronta-lo gasto.

ARTIGO 4.- TRAMITACIÓN DAS AXUDAS

As solicitudes formularanse no modelo oficial que facilitará o propio Concello. Tales solicitudes serán tramitadas polo Servicio Municipal de Asistencia Social, emitindo informe expresivo de que s solicitude formulada reúne os criterios anteditos e da situación socio-familiar do solicitantes e/ou da súa unidade familiar a fin de justifica-la real necesidade da axuda solicitada.

ARTIGO 5.- DOCUMENTACIÓN REQUERIDA.

Os interesados na obtención destas axudas deberán formula-la súa solicitude en modelo oficial dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, acompañando a seguinte documentación:

-D.N.I. do solicitante

-Libro de Familia

-Certificado de Empadramento

-Orzamento de Gastos para os que solicita a axuda (só naqueles casos que sexa posible)

-Informe social emitido pola Asistente Social Municipal

-Datos bancarios

-Declaración da renda ou no seu defecto declaración xurada de ingresos de tódolos membros da unidade familiar, acompañada de nómina ou nóminas recentes

As axudas, en casos en que así o requiran, poderán ser presentadas por terceiras persoas, a cal representación deberá acreditarse ante o servicio municipal de Asistencia Social.

ARTIGO 6.- INFORME-PROPOSTA DO ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

A asistente social municipal, á vista da necesidade expresa e da situación sociofamiliar elevará un informe-proposta da procedencia da concesión da axuda que será estudado pola Comisión Municipal de Goberno, que finalmente valorará ou non motivadamente, a oportunidade da concesión, e as características da axuda a conceder e os seus condicionantes específicos. En casos de especial uxencia a concesión poderá realizarse por Decreto de Alcaldía.

ARTIGO 7.- XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DO GASTO

O órgano que conceda a axuda establecerá os prazos, condicións e formalidades da xustufucación documental do gasto dentro das normas comúns vixentes para as administracións públicas. Con carácter xeral o interesado deberá aporta-la factura correspondente ó documento legalmente esixible segundo a natureza específica do gasto.

Excepcionalmente, en casos de necesidades básicas e primarias ou naqueles nos que debido á especial circunstancia da situación sobrevida non poda ser posible (feito que deberá ser justificado no informe social), o gasto realizado en base á axuda concedida será justificado mediante informe de valoración suscrito pola asistente social sobre o custo efectivo

realizado e as circunstancias que motivan a inexistencia de justificación documental na forma xeral antedita. Asimismo caberá a adopción de acordos en concepto de “gastos a justificar” ou anticipos ó servizo de asistencia social con cargo a estas axudas, que deberá aportar a justificación documental do gasto trala realización do mesmo.

As axudas asímesmo poderán ser en especie e poderán consistir tanto na adquisición directa de bens ou servizos polo Concello con destino ós beneficiarios como na directa prestación da actividade, servizo, reparación ou axuda de que se trate por persoal municipal ou baixo a dependencia ou responsabilidade desta entidade.

ARTIGO 8.- FALSEDADE OU OCULTACIÓN DE DATOS

A falsedade ou ocultación dos datos que serviron para a concesión da axuda de emerxencia social ou da justificación documental do gasto darán lugar ó reintegro da mesma polo beneficiario.

ARTIGO 9.- DISPOSICIÓN FINAL

No non previsto nestas bases en materia de procedemento, atérase ó previsto da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

<p style="text-align: center;">Pleno 11/11/1999 B.O.P. nº 14 de 19/01/2000</p>
--